CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Iníciase na linguaxe musical sendo capaz de interpretar a través da lectura rítmica e melódica traballada pequenas pezas ou fragmentos.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa no deseño dunha musical de forma grupal, colaborando, asumindo ou seu rol e respectando aos seus compañeiros.	TI	60
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participa no proceso cooperativo de creacións culturais amosando interese e aplicando os coñecementos traballados.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explica o proceso seguido e o resultado obtidos nas súas producións.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas e mantén unha actitude positiva acorde coas normas elementais de comportamento.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Utiliza un buscador para atopar obras e información sobre manifestacións escénicas e performativas e diferentes artistas deste ámbito e accede a algunha páxina web onde atopalas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valora e respecta as producións propias e alleas e mantén unha actitude positiva acorde coas normas elementais de comportamento.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras performativas ou escénicas sinxelas propias e interpretaas amosando no proceso curiosidade, interese, gozo e confianza nas capacidades propias.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Explica o proceso seguido e o resultado obtidos nas súas producións.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa verbalmente o que queren transmitir as obras indicando sentimentos ou emocións.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa no deseño dunha peza escénica ou performativa de forma grupal, colaborando, asumindo o seu rol e respectando aos seus compañeiros.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta as producións propias e alleas e mantén unha actitude positiva acorde coas normas elementais de comportamento.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa no proceso cooperativo de creacións culturais amosando interese e aplicando os coñecementos traballados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

Contidos

- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, esta PD remítese ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia, que son as seguintes:

- O afondamento progresivo no coñecemento da linguaxe musical e no tratamento dos contidos da área de Música e Danza
- O uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.
- O emprego de didácticas específicas da ensinanza da música e do movemento (Orff-Schulwerk, Curwen, Ward, Dalcroze, Kodály, Chevais, Willems, Martenot etc.) que axuden a potenciar no alumnado as diferentes habilidades de percepción, análise, creación e expresión musicais e do movemento. Estas metodoloxías pódense empregar dun xeito ecléctico co fin de adaptarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- A vivencia dos elementos da linguaxe musical e do movemento como paso necesario para a súa correcta comprensión e adquisición.
- A planificación de situacións de aprendizaxe, experiencias, procesos, proxectos, retos e tarefas que desenvolvan a capacidade de apreciación, análise, creatividade, imaxinación e sensibilidade do alumnado. Os proxectos son especialmente útiles á hora de motivar o alumnado para adquirir diferentes coñecementos, desenvolver habilidades e potenciar a súa autonomía.
- O emprego de recursos, soportes e contextos variados na realización de actividades musicais e de expresión corporal. A presentación da información ao alumnado pode realizarse en diferentes formatos tendo en conta a capacidade de percepción e de comprensión ou o uso da linguaxe por parte deste. Utilizarase tamén para isto a aula

virtual do centro co fin de ampliar e reforzar a información.

- A énfase en que o alumnado aprenda a aprender e participe na planificación e na toma de decisións sobre o traballo controlando os procesos, usando conscientemente estratexias de aprendizaxe e sendo progresivamente máis autónomo e protagonista da súa propia aprendizaxe.
- A realización do traballo na aula de xeito individual, en parellas estratéxicas, en pequenos grupos ou en grupo grande. Isto ten especial relevancia nas actividades de expresión musical e do movemento.
- A potenciación no alumnado da expresión das súas emocións e da autorregulación destas para fomentar a empatía e facilitar o recoñecemento emocional propio e alleo.
- O tratamento das principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical e escénica e performativa desde unha perspectiva de xénero.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria. As unidades dividiranse en varios campos de contidos esenciais na área, e partirán dun contido central que será o eixe vertebrador da unidade. Os campos a traballar en cada una serán:

- Cultura Musical
- Linguaxe Musical
- Coñecemento Instrumental
- Audición
- Interpretación Musical
- Danza e artes performativas e escénicas
- Obradoiro Musical (realización de instrumentos, creación de cancións, uso das TIC...)

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina de quecemento a través de xogos rítmicos ou vocais, ou a través de cancións e movemento en cada unha delas, permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgunhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35. Para a optimización da súa impartición, empregarase como recurso, na páxina web do centro, unha sección específica para esta materia (ou na Aula Virtual do centro). Nesta o alumnado poderá acceder a:

- recursos dixitais empregados na clase e/ou para levar a cabo tarefas encomendadas
- vídeos de interpretación (voz, instrumentos e/ou danza) para aprendizaxe e/ou repaso
- ligazóns de interese relacionadas coa materia
- explicacións ampliadas sobre traballos a realizar
- outras que poidan ir xurdindo ao longo do curso

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Cartafol tipo sobre para organizar as fichas

Estoxo
Èncerado Dixital

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula, se ben é espazosa, presenta moitas reflexións sonoras co que hai un pouco de eco e dificulta algo a intelixibilidade.

A sección desta materia na páxina web do centro e/ou Aula Virtual servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (cartafol con fichas e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular.

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, actitude, gustos musicais e coñecementos previos.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado trataranse os aspectos descitados e as necesidades atopadas nunha reunión conxunta co equipo docente do grupo para poder establecer as medidas ordinarias e extraordinarias máis axeitadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	50	100
Proba escrita	40	40	40	40
Táboa de indicadores	60	60	60	60

Criterios de cualificación:

A avaliación será continua, presente en todos os aspectos e momentos do proceso de ensino-aprendizaxe. Trimestralmente haberá unha sesión de avaliación con todo o profesorado que imparte no grupo, un membro do equipo directivo e do departamento de orientación se é o caso. Nela valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumno ou alumna, o grao de desenvolvemento das competencias básicas e, se fose necesario, as medidas adoptadas ou que se deben adoptar.

Establécese unha unidade por trimestre, co cal a nota de cada unidade será a nota do trimestre. As unidades puntuaranse a partir dos criterios de avaliación, e para obter a cualificación destes criterios, utilizaranse como instrumentos de avaliación as probas escritas (ou orais no seu caso) e as táboas de indicadores (rúbricas, escalas de observación ou listas de cotexo).

Establécese un peso diferente para cada criterio, de forma que arredor do 40% da nota da unidade corresponde a criterios que se avalían mediante unha proba escrita (aqueles con carácter máis conceptual). Haberá unha proba escrita por unidade.

O resto de criterios de avaliación corresponderán ao 60% da nota da unidade, e serán avalidados a partir da

observación sistemática, a partir de probas orais ou da revisión das producións do alumnado (fichas e outros traballos), para o que se usarán rúbricas, escalas de observación ou listas de cotexo. Serán aqueles criterios de avaliación que se poden relacionar coas actitudes e as capacidades ou competencias fundamentalmente. Os pesos de cada criterio están debullados no apartado 3.3 desta programación.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

O peso que terá a nota obtida en cada unidade respecto á nota final é o seguinte:

-1º trim.: UD1 20%

-2º trim.: UD2 30%

-3º trim.: UD3 50%

Como se pode observar, a unidade 3, correspondente ao 3º trimestre, ten moito máis peso que as dúas anteriores. Isto débese a que a maioría dos contidos e capacidades a avaliar traballaranse en todos os trimestres, ampliándose de forma progresiva, e serán pois os logros acadados ao finalizar o curso os que se teñan máis en conta.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á

Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ao finalizar o 1º ou 2º trimestre ou obteña unha cualificación negativa na nota da área poderá recuperalos no seguinte trimestre, tendo en conta o seguinte:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade. Nesta detección de necesidades cobrará especial importancia a avaliación inicial, que se realiza durante o primeiro mes do curso e que busca detectar dificultades de aprendizaxe e detectar o nivel competencial do que parte o alumando.

Dado que cada neno ten as súas peculiares características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a nosa programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros, co obxectivo de individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno/a e o seu ritmo de traballo. . Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Tanto as actividades de reforzo como as de ampliación son moi subxectivas en cada caso, xa que as mesmas actividades poden servir nun contexto escolar para reforzar e noutro distinto para ampliar, polo que será o profesorado quen seleccione o momento e o tipo de actividade que precise cada neno ou nena. A planificación desta programación non é ríxida nin inamovible, senón todo o contrario, considerándose aberta e flexible.

En canto ás medidas de atención á diversidade, debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medidas ordinarias, así como as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención

educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc. Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas. No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe. No caso de alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase. Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento		X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres		X	
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X	

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X
ET.9 - Educación para a saúde	X		

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concertos didácticos de música e danza	Buscarase a asistencia a espectáculos en directo didácticos para aprender de forma máis significativa e motivante	X	X	X
Festival de inverno	Concerto de todo o centro	X		
Obradoiros con artistas de diversa índole	Persoas que de primeira man poidan ensinar ao alumnado o seu oficio		X	X
Festival de Fin de Curso	Concerto de todo o centro (con coreografías e interpretacións musicais do alumnado, empregando para estas últimas, e, entre outros, os instrumentos de reciclaxe realizados na UD3) no salón de actos e de cara ao final do 3º trimestre; aberto ao público con entrada solidaria para recadar fondos para a excursión de Fin de Curso de 6º EP.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Respectouse a temporalización inicialmente establecida
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías indicadas na PD.
Utilizáronse distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas e distintos recursos materiais
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas

Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existiu apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado.
Existiu unha fluída e contínua coordinación docente e unha adecuada organización dos recursos materiais, persoais e espaciais.
Outros
Máis do 80% do alumnado superou a materia.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado. Avaliarase de forma trimestral.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Toda a programación está suxeita a ser revisada con continuidade có obxectivo de adaptar o proceso de ensinoaprendizaxe aos diferentes ritmos, intereses e necesidades do alumnado para mellorar respecto a:

- Os resultados de aprendizaxe do alumnado, para o que adecuamos a metodoloxía e contidos
- A planificación e temporalización das actividades, para o que axustamos a distribución das mesmas

Durante o desenvolvemento das diferentes Unidades Didácticas e ao remate das mesmas, levarase a cabo unha avaliación obxectiva coa finalidade de mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Ao remate de cada trimestre, valoraranse os resultados académicos obtidos polo alumnado, a información recollida a través dos indicadores de logro do epígrafe anterior e os datos aportados polo equipo docente nas sesións de avaliación, có gallo de formular propostas de mellora en todos os aspectos da programación (proceso de aprendizaxe, proceso de ensino e a propia práctica docente). Faremos especial fincapé na análise das cualificacións obtidas nos trimestres.

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados